
Edificio Filomena Dato	Tel. 986 813 830	tgarant@uvigo.es
As Lagoas, Marcosende	986 813 829	www.uvigo.gal
36310 Vigo		
España		

Breve currículo de Argimiro Rojo

Catedrático de Ciencia Política e da Administración e presidente do Tribunal de Garantías (defensor universitario) da Universidade de Vigo. Licenciado en Ciencias Políticas e en Socioloxía, e doutor en Ciencias Políticas pola Universidade Complutense de Madrid.

A súa actividade investigadora céntrase preferentemente en temas relacionados co galeguismo, o rexionalismo, o federalismo, a Unión Europea, o fenómeno eurorrexional e, por último, a crise do Estado-nación, a gobernanza global e a cosmopolítica. A dita actividade, compaxinada cunha longa traxectoria docente en cursos de grao e de posgrao, transcorreu maioritariamente na Universidade de Vigo, pero tamén na Universidade de Santiago de Compostela, na Complutense de Madrid e en diversos centros universitarios europeos, principalmente en Bélxica, Francia e Italia.

Entre as súas publicacións poden sinalarse: *A federación de mocidades galeguistas*; *O galeguismo a través dos seus textos e documentos políticos*; *La regionalización del Estado en la Europa comunitaria*; *La exigencia de participación regional en la Unión Europea*; *El modelo federalista de integración europea: la Europa de los estados y de las regiones*; *A gobernanza na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal*; *Globalización, integración mundial y federalismo*; *Global Governance and Political Science*; *La riforma in senso federalista del modello spagnolo delle autonomie*; *La cooperación-integración transfronteriza: ¿vamos hacia la refundación de Europa?*; *La hora de la ciencia política*; *La acción exterior de las Regiones*; *La España federal*; *Federalism and Euro-Regions in Europe*; *Una aproximación a la institución del Defensor Universitario: el caso español: Por un gobierno mundial: necesidad de llevar la política al escenario global*. A súa última publicación foi: *Una nueva teoría del Estado para la era global* (2018).

Ademais de contar cunha longa traxectoria como conferenciante en distintos foros académicos e culturais, ten sido, ao longo de máis de tres décadas, colaborador habitual en diarios de ámbito galego (Faro de Vigo, La Región, La Voz

de Galicia, entre outros); foi profesor Jean Monnet na disciplina *European Political Integration*, e asesor do Parlamento de Galicia en temas de acción exterior e relacións coa UE; é avaliador e membro do consello de redacción e do comité científico de diferentes publicacións de ámbito nacional e internacional; é membro e/ou investigador principal de varios proxectos de investigación e de institucións científicas e académicas de ámbito nacional e internacional.

Conta coa avaliación positiva da totalidade dos tramos correspondentes á actividade docente desempeñada na Universidade de Vigo. Ten recoñecidos catro sexenios de investigación pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI).

Na súa condición de defensor universitario, é membro da comisión executiva da Conferencia Estatal de Defensores Universitarios Españois (CEDU), do *Steering Group da European Network of Ombudsmen in Higher Education* (ENOHE) e socio activo do Instituto Latinoamericano do Ombudsman - Defensorías del Pueblo (ILO). Recentemente foi nomeado coordinador da Red Iberoamericana de Defensorías Universitarias (RIIDU).